

ADENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO.

(Aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 17 de xullo de 2026)

INTERVEÑEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Luís López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de presidente da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, ente titular do citado Centro Asociado á UNED, como representante do dito Consorcio de conformidade coas previsións do artigo 14.a) dos seus vixentes Estatutos.

E, doutra parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello de Vigo e como legal representante deste, de conformidade co establecido nos artigos 21.1.b) e 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como coo establecido no artigo 61.1.a) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Os comparecentes na representación que ostentan e acreditan, e recoñecéndose a capacidade e os requisitos legais necesarios para formalizar e subscribir a presente Adenda.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que con data 16 de setembro de 2022 as partes subscribiron un Convenio de Colaboración para o mantemento da Aula universitaria da Universidade Nacional a Distancia existente en Vigo.

SEGUNDO: Que na cláusula terceira do devandito Convenio se recollen as obrigas que asumen tanto o Concello de Vigo como da Universidade Nacional a Distancia.

TERCEIRO: Que a cláusula cuarta do citado Convenio establece unha vixencia de catro anos prorrogable por outros catro anos.

CUARTO: Que é vontade das partes prorrogar o Convenio, cuxa vixencia finaliza o 15 de setembro de 2026, tal e como está previsto na súa cláusula cuarta.

En consecuencia, as partes acordan a presente Adenda, de conformidade ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: As partes asinantes acordan prorrogar o Convenio de Colaboración por un período de catro anos, desde o 16 de setembro de 2026 ao 15 de setembro de 2030.

SEGUNDA: O Convenio permanecerá en vigor nos mesmos termos que no mesmo se establecen.

E en proba de conformidade asínase a presente Adenda no lugar e data ao inicio indicados.

LUIS LOPEZ DIEGUEZ
- 76928782S

Firmado digitalmente por LUIS
LOPEZ DIEGUEZ - 76928782S
Fecha: 2026.07.29 10:24:35
+02'00'

O presidente da Xunta Reitora do
Consortio Universitario do Centro
Asociado á UNED en Pontevedra.

O alcalde-presidente do Concello de
Vigo.